XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

Rúa Ulpiano Villanueva, 1-2
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tfno. 981 554 710 Fax. 981 554 875
www.eoisantiago.org
eoi.santiago@edu.xunta.es

eoi escola oficial de idiomas santiago de compostela

# IMPORTE DAS TAXAS E PAGAMENTO DA MATRÍCULA OFICIAL CURSO 2011-2012

*Decreto 147/2006 do 31 de agosto (DOG do 08/09/2006) que modifica o Decreto 156/2002 do 18 de abril (DOG do 03/05/2002)*

## INSTRUCIÓNS PARA O PAGAMENTO DE TAXAS

Antes de nada, lea atentamente este documento.
Se, aínda así, ten algunha dúbida, consúltea na EOI antes de efectuar o pagamento. En calquera caso:

- non faga o pagamento se non ten adxudicada unha praza no curso e idioma escollidos polo procedemento en liña
- asegúrese de comprobar ben os importes que vai aboar, xa que ***o centro non poderá devolver as cantidades incorrectamente ingresadas***
- recorde que deberá acreditar documentalmente (presentando orixinal e copia para cotexar) o dereito ás exencións e bonificacións de prezos públicos.

Hai dous xeitos de efectuar o pagamento:

A. **NAS ENTIDADES BANCARIAS**.

1. Retire o impreso de liquidación de taxas (modelo E) na conserxaría do centro  e cúbrao consignando os seus datos persoais e a seguinte información na cabeceira:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Centro académico: ***Escola Oficial de Idiomas*** | | Cód.: | 07 |
| Localidade: ***Santiago de Compostela*** | Delegación de: ***A Coruña*** | Cód.: | ***10*** |
| Servizo: Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa | | Cód.: | 03 |

*Tamén pode xerar e cubrir enteira ou parcialmente un impreso equivalente (modelo AI) en formato pdf en* **http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos.**

2. Consigne o importe da matrícula que ten que pagar segundo a táboa que se inclúe no reverso desta folla.
3. Efectúe o ingreso do importe en calquera das entidades bancarias que figuran ao pé da folla de liquidación.
4. Presente os dous resgardos que lle devolva o banco na secretaría do centro xunto coa demais documentación de matrícula.

B. **POR INTERNET:**

1. Acceda á **Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda** da Xunta de Galicia nestas ligazóns:

**http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/tramites-tributarios-presentacion**

**https://host.cixtec.es/EntradaOficinaVirtual/OV/ga/OV_Tributaria.htm**

→ Seleccione **Entrar a servizos de acceso libre**

→ Seleccione **Taxas, prezos, multas, sancións**

→ Seleccione **Pagamento telemático de taxas e prezos**

→ Seleccione **Iniciar** (botón azul á dereita da pantalla)

→ No formulario, seleccione os seguintes códigos para a operación:

- *Consellería: Educación e Ordenación Universitaria (07)*
- *Servizo: Ensino Medio (003)*
- *Delegación: A Coruña (10)*
- *Taxa: Escolas Oficiais de Idiomas (350800)*

2. Para que este trámite teña validez, deberá asegurarse de que o cuestionario foi correctamente cuberto e aceptado pola entidade bancaria que o tramita. Para isto deberá presentar como xustificante o impreso 730 conformado co código seguro de verificación (CSV). Posteriormente, a secretaría do centro contrastará os datos do pagamento a través da Consellería de Economía e Facenda.

# PREZOS PÚBLICOS: TAXAS DA MATRÍCULA

Decreto 147/2006 do 31 de agosto (*DOG* do 08/09/2006) que modifica o Decreto 156/2002 do 18 de abril (*DOG* do 03/05/2002)

| Alumnado que se matricula por 1ª vez nunha EOI de Galicia | | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Alumnado sen dereito á exención | APERTURA EXPEDIENTE | 19 € | 100 € |
| | SERVIZOS XERAIS | 11 € | |
| | IMPORTE POR IDIOMA | 70 € | |
| Familia numerosa de categoría xeral | APERTURA EXPEDIENTE | 9,50 € | 50 € |
| | SERVIZOS XERAIS | 5,50 € | |
| | IMPORTE POR IDIOMA | 35 | |
| Funcionarios/as e persoal laboral en activo da Consellaría de Educación e O.U. e os seus fillos, menores legalmente ao seu cargo e orfos (sempre que sexan menores de 25 anos e non emancipados), SEMPRE QUE NON REPITAN CURSO | APERTURA EXPEDIENTE | 19 € | 30 € |
| | SERVIZOS XERAIS | 11 € | |
| | IMPORTE POR IDIOMA | — | |
| **Alumnado actual, antigo e/ou trasladado doutras EOI de Galicia** | | | |
| Alumnado sen dereito á exención | APERTURA EXPEDIENTE | — | 81 € |
| | SERVIZOS XERAIS | 11 € | |
| | IMPORTE POR IDIOMA | 70 € | |
| Familia numerosa de categoría xeral | APERTURA EXPEDIENTE | — | 40,50 € |
| | SERVIZOS XERAIS | 5,50 € | |
| | IMPORTE POR IDIOMA | 35 € | |
| Funcionarios/as e persoal laboral en activo da Consellaría de Educación e O.U. e os seus fillos, menores legalmente ao seu cargo e orfos (sempre que sexan menores de 25 anos e non emancipados), SEMPRE QUE NON REPITAN CURSO | APERTURA EXPEDIENTE | — | 11 € |
| | SERVIZOS XERAIS | 11 € | |
| | **IMPORTE POR IDIOMA** | — | |

**Os prezos arriba indicados son para 1 idioma:** se un alumno se matricula en máis dun idioma deberá multiplicar a cifra do importe por idioma polo número de idiomas en que se matricule.

## OUTRAS TAXAS

| CURSOS MONOGRÁFICOS | | TOTAL |
|---|---|---|
| Alumnado que se matricula por 1ª vez nunha EOI de Galicia | APERTURA EXPEDIENTE | 19 € |
| | SERVIZOS XERAIS | 11 € |
| | + 3 € por hora de curso | |
| Alumnado actual, antigo e/ou trasladado doutras EOI de Galicia | APERTURA EXPEDIENTE | — |
| | SERVIZOS XERAIS | 11 € |
| | + 3 € por hora de curso | |
| **PROBA DE CLASIFICACIÓN** | | 15 € |

## EXENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS

Están exentos do pagamento dos prezos públicos:

- Os membros das **familias numerosas de categoría especial**.
- As **persoas cun grao de minusvalía** igual ou superior ao 33%.
- As **vítimas de actos terroristas**, así como os seus cónxuxes e fillos.

***IMPORTANTE: DEBERASE ACREDITAR DOCUMENTALMENTE (CON COPIA E ORIXINAL) O DEREITO A TODAS AS EXENCIÓNS E DESCONTOS.***